

INDICE	Pax.
1. Introducción.....	2
2. Linguas empregadas nas áreas.....	2,3
3. Obxectivos.....	3,4,5
4. Medidas de apoio e reforzo para un correcto uso , escolar e educativo.....	5,6
5. Criterios para determinar a lingua predominante.....	6
6. Medidas para que os alumnos que non teñan suficiente dominio das linguas poidan seguir con aproveitamento as ensinanzas que se imparten.....	7,8
7. Fomento do uso das diferentes linguas nas actividades complementarias.....	8,9
8. Fomento do uso do galego nas actividades e actos que organice o centro.....	9,10
9. Criterios metodolóxicos xerais.....	10
10. Organización do equipo de Dinamización da lingua galega.....	10
11. Ceip Plurilingüe e Seccións bilingües: Plástica en Primaria.....	11,12
12. Avaliación do Proxecto	12,13



1. INTRODUCCIÓN

Este proxecto é a ferramenta que recolle os aspectos referidos ao ensino e práctica das linguas, dando prioridade ao tratamento integrado das mesmas dentro do centro escolar. Servirá para potenciar o desenvolvemento de todas as competencias a través da comunicación .

Denomínase proxecto **plurilingüe**, porque combina a presenza de máis de dúas linguas (castelán, galego e inglés) na competencia comunicativa dunha persoa. A capacidade plurilingüe busca o desenvolvemento do repertorio de cada lingua e os seus aspectos comúns.

O programa plurilingüe **consiste basicamente en desenvolver os contidos curriculares de áreas non lingüísticas en outras linguas**, integrando o ensino da lingua e contido (CLIL), así como levar a cabo un tratamento integrado e coordinado das linguas curriculares (TIL).

O tratamento integrado das linguas (TIL), permite unha aprendizaxe máis efectiva pola confluencia e transferencia das linguas. As linguas non se aprenden como códigos lingüísticos aillados senón que se coordina o seu tratamento para reforzar a aprendizaxe do alumnado. Baséase na interdependencia das mesmas. As linguas refórzanse e apóianse mutuamente, facilitando a comprensión do alumnado. Os idiomas impártense de forma vehicular, o alumnado aprende de forma natural en contextos reais da aula, vivindo nas diferentes linguas. Os mestres son o **referente** no seu idioma e **sempre** falarán ao alumnado en castelán, galego ou inglés, en calquera lugar e situación, dende o primeiro momento. Procurarase non traducir para facilitar ao alumnado a comprensión global na outra lingua.

2.LINGUAS EMPREGADAS NAS ÁREAS

Seguindo o Decreto 79/2010, para o Plurilingüismo no ensino non Universitario, o uso das linguas empregadas nas áreas é o seguinte:

- En Educación Infantil: Usarase a lingua materna predominante entre o alumnado, que neste caso é o castelán. Introducirase progresivamente o uso do galego, de forma oral ao principio e despois de forma escrita ata chegar a unha igualdade entre as dúas linguas. **Os apoios** realizaranse, na medida do posible **na lingua en que se imparta a sesión** tendo en conta o benestar do alumnado. Nos momentos en que se atopen dous profesores na mesma aula, prevalecerá a lingua na que debe ser impartida esa sesión.
- En Educación Primaria: Impartíranse en galego as áreas de educación física, lingua galega, ciencias sociais e ciencias naturais. Contamos con catro seccións bilingües, en 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria e somos CEIP Plurilingüe nos cursos de 1º e 2º de Primaria. En ámbolos dous casos, impártese a Plástica en inglés.
- Nos programas plurilingües é importante que existan **coordinacións interciclos ou interniveis**, que aseguren unha continuación do programa e un traballo metodolóxico sen cambios bruscos dun ciclo a outro. Esta coordinación interciclos será entre o 6º de E. Infantil e o primeiro curso de Educación Primaria por tódolos mestres que impartan clase nas diferentes linguas. Na medida en que o programa avance na Educación Primaria, estas reunións e coordinacións interciclos ou interniveis terán lugar, de igual forma, entre profesorado de segundo e terceiro curso e entre profesorado de cuarto e quinto curso.

► Neste PLC constará:

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO - REMOZADO NO ANO 2019

- As linguas que se deben empregar nas áreas, materias ou noutros ámbitos de coñecemento distintos.
- As oportunas medidas de apoio para un correcto uso escolar e educativo, co fin de acadar o obxectivo xeral establecido no decreto de Plurilingüismo e na LOMCE no que afecta ao fomento do plurilingüismo.
- Os criterios para determinar a lingua predominante do contorno.
- As medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.

► Ademais debemos ter en coñecemento que:

- O Proxecto formará parte do Proxecto educativo do centro e será redactado por unha comisión do profesorado do centro.
- O PLC deberá ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar do centro educativo.
- Este PLC remitirase aos servizos de Inspección coa P.X.A. cada curso.
- No marco do PLC fomentarse o uso das tres linguas nas actividades complementarias.
- Nos actos que o centro organice empregarse maioritariamente o galego.
- O profesorado adoptará as medidas oportunas coa finalidade de que o alumnado que non teña o suficiente dominio da segunda e terceira lingua poida seguir con proveito as ensinanzas que nestas linguas se lles impartan.

3.OBXECTIVOS

OBXECTIVOS XERAIS

- ❖ Incidir na utilidade e prestixio social da lingua propia e incentivar o seu uso, así como a transmisión oral e escrita.
- ❖ Respetarase o dereito d@s nen@s de falar a súa lingua á hora de chegar á escola e durante toda a escolaridade.
- ❖ Achegarase a escola á realidade actual da nosa autonomía nas súas diferentes manifestacións: expresión escrita, oral, matemática, plástica..., potenciando a identidade dos nenos coa súa comunidade e o uso do idioma.
- ❖ Desenvolven o hábito e pracer lectores en lingua galega.
- ❖ Dar a coñecer as disposicións legislativas en materia de dereitos lingüísticos como norma de xusticia social.

Así, o PLC debe garantir:

- **Que o alumnado que teña o galego como lingua habitual adquira unha boa competencia en castelán, de tal maneira que se favorezan os contextos en que se exprese nela.**

- **Que o alumnado que ten o castelán como lingua habitual adquira unha boa competencia en galego, de tal maneira que se favorezan os contextos en que se exprese nela.**
- **Que todo o alumnado adquira unha boa competencia nas tres linguas.**

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

▶ EN INFANTIL (CASTELÁN E GALEGO)

- A comprensión de mensaxes das persoas coas que se inicie unha relación.
- Emprego da lingua como instrumento de aprendizaxe, de representación, de comunicación e deleite, de expresión de ideas e sentimentos.
- A valoración da lingua oral como un medio de relación cos demais e de regulación da convivencia.
- A utilización de todas as linguaxes para expresar sentimentos, desexos e ideas, elixindo a que mellor se axuste á intención e á situación.
- Desenvolvemento dunha actitude de curiosidade e respecto cara ás diferentes linguas e modalidades lingüísticas.
- A comprensión, a recreación e o deleite dalgúns textos literarios.
- A toma de contacto cos usos sociais da lectura e a escritura explorando o seu funcionamento e valorándoas como instrumento de comunicación, información e deleite.
- A observación interesada e a valoración de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes.
- Emprego de diversas técnicas artísticas para representar e comunicar mellor.
- Inicio no uso oral doutras linguas do currículo para comunicarse en actividades dentro/fóra da aula, mostrando interese e deleite ao participar nestes intercambios comunicativos.

▶ EN INFANTIL (INGLÉS)

- Familiarizar ao neno/a de esta etapa co idioma estranxeiro, de xeito que o vexa dunha forma natural.
- Amosar interese por participar en interaccións orais da lingua inglesa en rutinas e situacións habituais.
- Comprender de xeito global, mensaxes orais sinxelos referidos a situacións próximas a eles.
- Expresar sentimentos e desexos mediante a linguaxe oral, utilizando o idioma estranxeiro.
- Familiarizar ao alumno cun vocabulario sinxelo.
- Utilizar normas socialmente establecidas para iniciar, manter e rematar conversacións moi sinxelas.
- Comprender e reproducir poesías, cancións, rimas.
- Aproveitar o ensino do inglés para desenvolver os valores recollidos nos temas transversais.

► EN PRIMARIA (CASTELÁN E GALEGO)

1. Comprender e expresarse oralmente e por escrito de forma axeitada nos diferentes contextos das actividades sociais e culturais.
2. Facer uso dos coñecementos sobre a lingua e as normas do uso para escribir e falar de forma axeitada, coherente e correcta, e así comprender textos orais e escritos.
3. Empregar a lingua oral de xeito espontáneo e axeitado en temas cotidiáns de interese persoal ou relacionado coa vida diaria adoptando una actitude respectuosa e de cooperación.
4. Empregar os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información para obter, interpretar e valorar informacións xerais sobre temas cotiás e expresar opinións dos mesmos.
5. Empregar a lingua eficazmente na actividade escolar tanto para buscar, recoller e procesar información, como para escribir textos propios do ámbito académico.
6. Empregar a lectura como fonte de placer e de enriquecemento persoal, e desenvolver hábitos de lectura.
7. Comprender e producir textos literarios de xéneros diversos axeitados en canto a temática e complexidade.
8. Valorar a realidade plurilingüe como mostra de riqueza cultural.
9. Reflexionar sobre os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos lingüísticos que supoñan xuicios de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.
10. Aprender a usar a Biblioteca escolar.

► EN PRIMARIA (INGLÉS)

1. Expresarse e interactuar oralmente en situacións sinxelas e habituais que teñan un contido e desenvolvemento coñecido, empregando procedementos verbais e non verbais .
2. Ler de forma comprensiva textos diversos e axeitados ás diferentes idades. Valorar a lectura como fonte de entretemento e información.
3. Escribir textos adaptados ás diferentes idades, con finalidades variadas sobre temas previamente tratados na aula e coa axuda de modelos.
4. Acadar o vocabulario preciso para conquistar unha expresión axeitada.
5. Identificar aspectos fonéticos, de ritmo, de acentuación e entonación, así como estruturas s e aspectos léxicos da lingua estranxeira e empregalos axeitadamente.
6. Aprender a utilizar con progresiva autonomía todos os medios ao seu alcance, incluídas as novas tecnoloxías, para obter información e para comunicarse na lingua estranxeira.
7. Usar progresivamente esta lingua como medio de aprendizaxe de contidos de outras áreas.

4.MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA UN CORRECTO USO ESCOLAR E EDUCATIVO

a) Conquerir que os alumnos sexan bos lectores e disfruten lendo (animación á lectura).

- ⇒ Participar nas diferentes campañas propostas pola Consellería de Educación.
- ⇒ Seleccionar, coa axuda da mestra, os libros máis axeitados para a súa idade, tanto na biblioteca do Centro, como na de aula.
- ⇒ Facilitar o servizo de préstamo das bibliotecas de Centro e aula.

- ⇒ Recomendar libros ricos en ilustracións para os máis cativos e libros que vaian incrementando o seu vocabulario para os maiores.
- ⇒ Posibilitar momentos de lectura individual dentro da aula.
- ⇒ Asistir a representacións de teatro infantil.
- ⇒ Coñecer outro tipo de lecturas, como os xornais, información dixital, etc

b) Conquerir que os alumnos se expresen na lingua falada e escrita con claridade.

- ⇒ Contar historias.
- ⇒ Representar contos e cancións.
- ⇒ Describir obxectos, persoas, animais...
- ⇒ Resumir textos e comprendelos.
- ⇒ Aprender adiviñas, cantigas, panxoliñas...
- ⇒ Empregar ben os signos de puntuación e maiúsculas.
- ⇒ Ensinar as regras ortográficas, simultaneamente, nas diferentes linguas.
- ⇒ Formar ben os femininos e os plurais.
- ⇒ Falar as linguas oficiais de forma correcta.
- ⇒ Escribir as linguas oficiais de forma correcta.
- ⇒ Realizar actividades nas diversas festas.

c) Participar no Xornal Escolar (Don Moucho).

- ⇒ Realizárase un xornal escolar en galego ao ano. Farase un exemplar por familia.
- ⇒ Os alumnos desenvolverán diferentes seccións no xornal escolar, atendendo sempre a súa idade:
 - Editorial (6º de Primaria).
 - Portada.
 - Ilustracións e contos dos máis cativos.
 - Artigos da actualidade máis próxima.
 - Reportaxes.
 - Pasatempos.
 - Novas deportivas.
 - Acontecementos do barrio e o entorno.
 - Saídas culturais dos diferentes ciclos.



- ⇒ Repartirase o xornal escolar entre a comunidade educativa e as asociacións do barrio.

d) Utilización das novas tecnoloxías como fonte de investigación.

- ⇒ Traballar coas páxinas que aporten información para coñecer a nosa cultura propia, linguas e costumes.

e) Participar nas actividades no Plambe.

- ⇒ Realizar as actividades propostas do PDI.
- ⇒ Participar na hora de lectura (despois do recreo 15').
- ⇒ Participar nas propostas do Moucho e nas celebracións relacionadas co Proxecto Lector: día do Libro, día das Letras Galegas, día da Poesía, día da Muller Traballadora...

5. CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA PREDOMINANTE

• **Centro educativo.**

- Utilízase a Lingua Galega con normalidade na redacción de actas e oficios así como no labor habitual das titorías.
- Toda a información ás familias faise en galego.
- Tamén a nivel de A.N.P.A. as comunicacións coas familias son en galego.

• **Alumnos e familias.**

- Atendendo á enquisa que no noso Centro realízase a todas as familias que matriculan aos seus fillos, sabemos que a lingua predominante é o castelán, aínda que no entorno máis próximo é o galego (avos, pais, vecinos...). Dita enquisa farase no momento de formalización da matrícula.
- Observación directa.

6. MEDIDAS PARA QUE OS ALUMNOS QUE NON TEÑAN SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDAN SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE IMPARTEN

PARA ALUMNADO ESTRANXEIRO

No caso de incorporación de alumnado estranxeiro que non domine ningunha das linguas oficiais, tomaremos as seguintes medidas:

- a) Primeiro poremos en marcha o Plan de Acollida.
- b) Despois o Departamento de Orientación, xunto coa Dirección do Centro, elaborará un programa de atención a este alumnado a través dun grupo de aprendizaxe das linguas. Nel colaborarán os mestres con dispoñibilidade horaria, así como os mestres de PT, AL e Orientador.

PARA O RESTO DO ALUMNADO

- a) Apoio a través de material audiovisual: CD ROM e DVD.
- b) Uso de materiais informáticos en galego para as áreas de matemáticas, coñecemento do medio e lingua galega.
- c) Traballar con programas didácticos en galego, moi sinxelos, para os máis pequenos.
- d) Cos máis cativos, adicar tempos fixos para manter conversacións en galego (entrada, saída, despois do recreo, hora do conto, parte meteorolóxico do día...).
- e) Ver debuxos animados, películas e programas infantís en galego, tanto na escola como na casa.
- f) Recomendacións bibliográficas, por parte da mestra, curtas e sinxelas, adaptadas as diferentes épocas e festividades: estacións do ano, festas tradicionais, etc.
- g) Axuda dun mestre de apoio dentro da aula.
- h) Axuda da mestra de AL.

Medidas de atención a diversidade en INFANTIL (recollidas no plan de atención á diversidade)

Medidas curriculares	Medidas de tipo organizativo
<ul style="list-style-type: none"> ▶ Sesións de Audición e Linguaxe impartida pola mestra especialista en Infantil (preferentemente en 4 e 5 anos). ▶ Permanencia un ano mais no curso (en casos moi excepcionais e valorados polo equipo de Orientación). ▶ Reforzos do titor/a. ▶ Reforzos Individuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▶ Apoios a alumnos con NEAE. ▶ Reforzos educativos por parte do titor/a ou do mestre de apoio. ▶ Pautas de actuación coa familia. ▶ Impartidos pola titora e o mestre de P.T.

Medidas de atención a diversidade en PRIMARIA (recollidas no plan de atención á diversidade)

Medidas curriculares	Medidas de tipo organizativo
<ul style="list-style-type: none"> ▶ Permanencia un ano mais no curso. ▶ Seguimento dos alumnos con risco de repetición. ▶ Seguimento dos alumnos cunha alta porcentaxe de absentismo escolar. ▶ Adaptacións curriculares. ▶ Reforzos e Talleres de galego e castelá (apoiados pola mestra de A.L.) 	<ul style="list-style-type: none"> ▶ Apoios a alumnos con NEE ▶ Reforzo educativo. ▶ Reforzos educativos por parte do profesor da materia ▶ Pautas de actuación coa familia ▶ En pequenos grupos ou individualmente.

7. FOMENTO DO USO DAS DIFERENTES LINGUAS NAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

As actividades complementarias son necesarias para ampliar os ámbitos de utilización das linguas e fomentar o seu uso. Para poder normalizar unha lingua, ésta non debe existir solo no ámbito escolar, senón que é necesario ampliar os contextos de aprendizaxe da segunda e terceira lingua. Polo tanto, favorecerase o máximo contacto posible co idioma dun modo natural dentro dun contexto interactivo e lúdico.

Participaremos en actividades complementarias en diferentes linguas, tanto dentro como fora da escola, sempre dependendo da oferta das mesmas (Concello de Vigo, Servizo de Normalización , actividades propostas polas editorias, etc.).

8. FOMENTO DO USO DO GALEGO NAS ACTIVIDADES E ACTOS QUE ORGANICE O CENTRO

- Conmemorarase as Festas Tradicionais coma o: Samaín, Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Festa dos Maios e Día das Letras Galegas. En todas elas elaboraranse, en lingua galega, carteis, unidades didácticas, exposicións de postais e debuxos, mensaxes e biografías. Todo adaptarse aos diferentes niveis do alumnado.
- Visitas guiadas aos entornos naturais e parques nacionais da nosa comunidade autónoma.
- En canto as actividades que se fan en colaboración coas familias e as institucións do barrio, a comunicación, tanto oral como escrita, será sempre en galego. Estas actividades son: plantación de árbores autóctonas nos parques forestais do entorno, visitas etnográficas de interese no entorno, reunións coas familias, exposicións abertas na escola (conmemorativas do Día das Letras Galegas), envío do xornal escolar ás familias e ás diferentes institucións.
- Tódolos anuncios, comunicados, actas, letreiros e traballo administrativo será en galego.

Actividades programadas e temporalizadas

As actividades que se van levar a cabo durante o curso serán, en principio, as seguintes, aínda que se poderán engadir ou suprimir según se considere oportuno:

ACTIVIDADE	DATA
Elaboración ou revisión PLC e PXA	Setembro-Outubro
Día da Biblioteca	Outubro
Samaín-Halloween-Magosto	Outubro-Novembro
Nadal	Decembro
Día da Paz	Xaneiro
Entroido	Febreiro
Día do libro	Abril
Día das Letras Galegas	Maio
Memoria	Xuño

Xornal Don Moucho	Xuño
Plan de mellora da biblioteca escolar Servizo de préstamo	Outubro – Xuño
Plan Proxecta	Outubro – Xuño
Proxecto “A árbore e o bosque”	Ao longo do curso
Contratos programa	Ao longo do curso

9. CRITERIOS METODOLÓXICOS XERAIS

Os agrupamentos son por idades, e atendendo a estes, tratarase de atender as dificultades que puideran presentar na consecución dos obxectivos, ben coa participación da mestra de apoio, os reforzos educativos e adaptacións curriculares.

As aprendizaxes globalízanse a través das programacións das materias e de proxectos de traballo, que estarán vinculados aos intereses dos alumnos e respectando sempre os obxectivos mínimos do currículo. Tódolos proxectos de traballo estarán relacionados cos elementos da nosa contorna e as festividades tradicionais:

- ✓ Festa do Magosto.
- ✓ Festa do Nadal.
- ✓ Festa do Entroido.
- ✓ Semana da Paz.
- ✓ Semana das Letras Galegas.

Centraranse tódolos proxectos da área de lingua sobor destes temas, sen esquecer a Semana da Prensa e o Día do Libro.

Cara ao inicio da aprendizaxe da lecto-escritura utilizaremos a lingua materna e progresivamente chegaremos ao uso das outras linguas por igual.

10. ORGANIZACIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Estará formado non só polos membros sinalados preceptivamente pola lexislación vixente, senón por todos aqueles que voluntariamente desexen colaborar na función normalizadora.

Os acordos, de non ser posíbel o consenso, serán tomados democráticamente pola maioría dos membros.

Reunirase en sesión ordinaria nas datas acordadas polo propio Equipo, non menos dunha vez ao trimestre, e extraordinariamente sempre que as circunstancias así o demanden.

Os membros do equipo figurarán na P.X.A. do centro.

11. CEIP PLURILINGÜE E SECCIÓNS BILINGÜES. PLÁSTICA NA PRIMARIA

Por mor das seccións bilingües e como Ceip Plurilingüe, contamos cun/cunha Auxiliar de Conversa no Centro.

Funcións da persoa auxiliar de conversa

O/a auxiliar de conversa apoia ao profesorado CLIL e especialista da lingua estranxeira correspondente do centro educativo, baixo a coordinación e supervisión do seu coordinador/a. Colabora co docente no desenvolvemento e adquisición das competencias básicas (competencias para aprender a aprender, autonomía do traballo persoal, superación de dificultades s...) e o traballo colaborativo. Para un óptimo aproveitamento dos/das auxiliares de conversa, estes deben dedicar a totalidade do seu horario a realizar actividades co alumnado.

Son funcións da persoa auxiliar de conversación:

- Axudar na planificación das clases e colaborar na aula como apoio .
- Seguir as indicacións da persoa coordinadora e colaborar con el/ela no que se lle solicite.
- Reforzar fundamentalmente as destrezas orais do alumnado na lingua estranxeira, como falante nativo/a da mesma, e promover a difusión cultural. Para iso tentarase que a súa relación co alumnado sexa constante.
- Fomentar a motivación e o interese do alumnado pola lingua e a cultura do seu país de orixe e do conxunto de países de fala inglesa, francesa, alemá, chinesa ou portuguesa.
- Promover iniciativas de formación e/ou apoio ao ensino e aprendizaxe das linguas. A súa presenza na aula (e no centro) debe ser unha fonte de ideas, de creatividade e de novos recursos.
- Desempeñar as funcións que o profesorado co que colabore consideren oportunas e que estean vinculadas ao Programa Plurilingüe.
- Realizar prácticas específicas de conversa.
- Promover o ensino da cultura e civilización do seu país de orixe.
- Achegar recursos didácticos, especialmente material auténtico dos seus países de orixe.
- Participar en actividades de distinta índole: a persoa coordinadora, de acordo co equipo directivo, decidirá en que actividades participará o/a auxiliar: asistencia a reunións de profesorado, charlas, presentacións na clase ou elaboración de materiais didácticos.
- Participar en reunións co resto do equipo plurilingüe para programar as actividades.
- Outras tarefas afíns.

O/a auxiliar non ten plena competencia docente, nin debe ser responsable da avaliación, a cualificación, nin a vixilancia dos alumnos dentro ou fóra da aula.

Con carácter voluntario, e sempre que o autorice a dirección do centro, o/a Auxiliar de Conversa poderá participar na organización e na realización de actividades complementarias e extraescolares de distinta natureza: viaxes de estudos, intercambios escolares, visitas a exposicións, museos, etc.

OBXECTIVOS XERAIS:

- Desenvolver a capacidade de comprender e producir mensaxes orais e escritos sinxelos (de acordo o seu nivel)
- Desenvolver actitudes positivas cara a pluralidade da nosa comunidade
- Coñecer e respectar as diferencias de costumes, hábitos (horarios, comidas relacións persoais...
- Ir desenvolvéndose en sinxelas situacións que se poidan presentar cando se viaxe a países de fala inglesa.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Potenciar a creatividade, imaxinación e a autonomía.

- Utilizar a lingua inglesa nos intercambios orais dentro da aula.
- Adquirir un vocabulario básico en inglés, **relacionado coa área de Educación Artística**, que permita o desenvolvemento dos obxectivos propios da área.
- Mostrar interese por comunicarse na lingua inglesa.
- Desenvolver actitudes de respecto e colaboración con grupos culturalmente diferentes.

METODOLOXÍA

Intentarase potenciar a creatividade, a imaxinación e a autonomía. Traballarase a parte plástica das actividades realizadas na aula de inglés e plasmaranse con murais as festividade e celebracións típicas dos países de fala inglesa como Halloween, Christmas, Easter, Valentine's Day...Desenvolverase a parte creativa dun proxecto en conxunto ou persoal utilizando os coñecementos acadados e os contidos desenvolvidos na aula de inglés no transcurso do ano. Ademais intentarase traballar con novas disciplinas artísticas, facendo fincapé na limpeza, orde e na estética e por suposto traballando a socialización.

Tendo en conta que o que pretendemos é que o alumno/a adquiera un desenvolvemento de comprensión e expresión oral na lingua inglesa e, sabendo que esta adquisición será lenta, propoñemos unha metodoloxía práctica, constructivista e o máis interactiva posible.

AVALIACIÓN

Avaliaranse as **técnicas plásticas e creativas** da asignatura, valorando positivamente o esforzo dos alumnos pola utilización oral da lingua inglesa e pola adquisición de vocabulario relacionado coa asignatura, pero nunca negativamente.

12. AVALIACIÓN DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

A **avaliación continua trimestral** en cada nivel dará información do uso das linguas en cada alumno. Ao remate dos diferentes ciclos, as titoras valorarán os resultados das diferentes avaliacións. Isto, xunto aos resultados das diferentes probas realizadas polo

Orientador (recollidas no Plan de Orientación), permitirán facer valoracións e propostas de mellora. Estas poranse en coñecemento da titora do seguinte curso.

A avaliación individualizada e final, realizada pola Consellería no mes de maio, en 3º e 6º de E. Primaria, tamén dará resultados sobre a competencia nas áreas de lingua castelá e galego. Tamén teranse en conta estes resultados, os cales a Dirección porá en coñecemento do claustro en canto os reciba.

Informes de final de ciclo en Infantil: Preparado polo mestre do terceiro curso de Educación Infantil. Se realizará no mes de xuño. Informarán das necesidades de apoio concretas de cara á Educación Primaria (só nos casos nos que fose necesario).

Elaboración da memoria, ao remate de cada curso cos obxectivos acadados e non acadados e as propostas de mellora. Adxuntarase á Memoria Final para o seu informe por parte do Claustro e do Consello Escolar.

